

ZONAS HÚMIDAS I

Coa colaboración de:



O municipio de Vigo conta con diversas zonas húmidas de auga doce, que ocupan máis de 200.000 m². As máis representativas son as da Bouza, Muíños e Barreiro, que están en terreos públicos e foron obxecto de traballos de recuperación nos últimos anos. As de Goberna, o Vao e Fontes-Pertegueiras, que están en espazos privados. Entre todas acollen unha importante biodiversidade que é parte do patrimonio natural do Concello de Vigo.



Zona húmida da Bouza / Novocontorno

Estas zonas húmidas son de augas doce e de orixe natural. No Concello de Vigo hai outras salobres e de orixe artificial.

Información facilitada por Novocontorno



- 1 A Bouza: 3.721 m²
- 2 Goberna: 35.700 m²
- 3 Muíños: charca de espadana e bosque de ribeira 3.900 m², bosque de ribeira canle primitivo 3.600 m², bosque autóctono 3.100 m²
- 4 O Vao: 137.557 m²
- 5 Barreiro: 2.776 m²
- 6 Fontes-Perdegueiras: 15.000 m²

A Bouza (Coia): nunha depresión no parque de A Bouza.

Goberna (Navia): entre a pontella de Muíños e a parte posterior do Polígono industrial de Caramuxo.

Muíños (Comesaña): entre o campo de fútbol de Sto. André e o paseo lineal do Lagares.

O Vao (Coruxo e Oia): entre a rúa Ricardo Mella, edificacións unifamiliares de Canido e os

equipamentos deportivos municipais e do Club de Campo.

Barreiro: no antigo cuartel de Barreiro.


Fontes-Perdegueiras: na parroquia de Navia.

VALOR AMBIENTAL

ZONAS HÚMIDAS I

VALOR AMBIENTAL

1. Durante as fortes chuvias, as zonas húmidas reducen a velocidade de fluxo e actúan como esponxas que absorben auga e que evitan inundacións.
2. Melloran a calidade da auga, depúran e filtran os sedimentos e contaminantes.
3. A vexetación e as raíces controlan a erosión do chan.
4. Ofrecen espazos para o recreo público, onde pasear, ver animais e plantas, fotografar...
5. Contribúen a manter o fluxo dos regueiros.



QUE É UNHA ZONA HÚMIDA?

É unha terra húmida pola achega, permanente ou temporal, de auga doce, salobre ou salgada de orixe natural ou artificial. Marismas, encoros e turbeiras son zonas húmidas. No gráfico pode verse o esquema dunha zona húmida como a de Muíños, dependente na súa orixe dos meandros do río Lagares.

Orixe. Antigamente eran terreos nos que afloraba auga en superficie e que foron drenados e aproveitados para o cultivo. Actualmente, ten achegas de augas do parque situado na zona alta.



IMPORTANCIA

Na superficie atopamos a vexetación característica das zonas húmidas da nosa comarca: salgueiros, amieiros, hedras, xaros, fentos femia ou especies do xénero *Carex*, entre outras. O ámbito é marcadamente urbano, pero aínda poden verse, nas zonas menos accesibles, bosquetes inundados estacionais, con amieiros e salgueiros. Este espazo é unha illa verde que regula o fluxo de auga de xeito natural do toda a contorna.

FAUNA

É un hábitat estratéxico para numerosas aves cosmopolitas, no que ademais atopamos algunha especie de ámbitos máis silvestres. Poden verse a lavandeira real, a papuxa das amoras, o carrizo e o paporrubio común.

Orixe. É unha depresión topográfica vinculada antigamente aos meandros do río Lagares, pero a canalización do río e a construción do colector rompeu ese vínculo.



IMPORTANCIA

Neste espazo, a maior parte privado, consérvase vexetación propia do antigo curso meandri-forme do río Lagares. Destaca polas manchas de vexetación acuática e hidrófila, e por un bosque descontinuo de ribeira, con amieiros, salgueiros, sanguinios..., e mesmo unha pequena área con carballos, loureiros, castiñeiros, torvisco e rusco. Atópase nun alto pegado á zona húmida polo oeste.

FAUNA

É unha zona moi representativa e de vital importancia para a preservación da fauna propia do curso baixo do río Lagares. Aquí crían numerosas aves acuáticas e de ribeira; en especial, a galiña do río e o lavanco real.

Orixe. O mesmo que Goberna. A maioría das zonas húmidas foron drenadas e cultivadas. O abandono destas e a modificación da contorna, cos recheos, foi o que permitiu a súa recuperación.



MUIÑOS

IMPORTANCIA

O seu nivel de asolagamento vén dado pola elevación do nivel freático e a súa capacidade de recoller a auga da choiva. Conta cun bosque de auga doce inundado estacionalmente; amieiros e salgueiros rodean a zona asolagada e no interior pode verse vexetación palustre. Nesta zona húmida está a pontella de Muíños que conectaba pola costa a parroquia de Coruxo coa de Navia, e ao lado hai un muíño de marea.

FAUNA

Zona de cría e alimento para numerosas aves acuáticas e de ribeira do Lagares; entre elas, a pita de río e o lavanco. Ademais conta cunha interesante variedade de anfibios e réptiles, como os tritóns palmado e xaspeado.

O VAO

ZONAS HÚMIDAS I

Orixe. Cavorco natural de grande amplitude e con achega de augas dos regatos do Vao e Carballosa, procedentes dos dous montes de Coruxo e do nivel freático, dependente das chuvias estacionais.



IMPORTANCIA

É un conxunto de zonas palustres que engloba regos e regueiros, zonas enchoupadas, xunqueiras e espadanas e bosques de zonas asolagadas de xeito temporal ou permanente. Aínda existen zonas agrícolas que son unha mostra do uso que se lle daba a este espazo hai 60 anos. Conta cunha xunqueira de auga doce e orixe natural, única no municipio. Na zona poden verse ademais un muíño de auga e un lavadoiro.

FAUNA

Hábitat estratéxico para as aves acuáticas, como o martiño peixeiro, onde descansan. Presenta unha rica fauna de aves rapaces diúrnas, nocturnas ou paseiformes, réptiles como o escáncer común e anfibios como o sapíño raxado.

Orixe. Está situado na bacia do regato da Pulida, que antigamente dividía o areal de Samil e Argazada.



IMPORTANCIA

Fontes-Pertegueiras é un bosque de amieiros e salgueiros que se desenvolve sobre solos húmidos ou encharcados de xeito permanente ou periódico. É unha zona húmida de gran valor estratéxico por ser unha pequena illa para a fauna e

flora silvestre nunha contorna moi urbanizada. Ademais, regula o réxime hídrico da zona.

FAUNA

Nela encontran alimento e acubillo onde criar numerosas aves, como o pequeno ferreiro bacachís, merlos...

BARREIRO

Orixe: procede do afloramento de auga en superficie á que se engadiron augas pluviais. O fluxo existente aproveitouse para crear unha poza artificial.

Importancia: nesta poza artificial poden verse parrulos e outras aves, como lavandei-ras, pombas, paporrubios, merlos...

VEXETACIÓN

A máis representativa está formada por salgueiros, amieiros, hedras, lirios amarelos, xuncos, espadanas, buños, feos e fentos. Nos arredores e nas zonas urbanizadas son comúns os carballos, piñeiros e eucaliptos ou as zonas de cultivo.

Novocontorno



BOSQUETES INUNDADOS

Naquelas zonas máis inundables e menos accesibles poden verse zonas húmidas boscosas de auga doce, bosques inundados estacionalmente e pantanos arborizados.

Novocontorno



Alnus glutinosa

O amieiro ten unha madeira moi resistente á auga.

Novocontorno



Iris pseudacorus

O gladiolo depura os metais pesados das augas.

Novocontorno



Salix atrocinerea

O salgueiro é un arbusto que pode alcanzar os 12 metros.

OBSERVATORIOS

Nas zonas húmidas de Muíños e Goberna poden verse 7 especies de anfibios e 5 de réptiles. No Vao destacan as aves: 61 especies, e mamíferos: 11 especies. En todos os casos conviven nelas especies locais e alóctonas.

Novocontorno



AVES

Entre as aves acuáticas, destacan o lavanco real (*Anas platyrhynchos*), a garza real (*Ardea cinerea*) e a pita de auga (*Gallinula chloropus*), que conviven con especies silvestres e cosmopolitas.

Novocontorno



Gallinula chloropus

A galiña de río cría nas zonas húmidas do Concello de Vigo.

Eduard Solá Vázquez (C.C. 3.0)



Triturus marmoratus

Pintafontes verde habita no Vao, Muíños e Goberna.

Novocontorno



Cisticola juncidis

O picaxuncos común pode verse en Muíños.